

ÍNDICE

AVALIACIÓN DE VALORES ÉTICOS en 1º ESO

1. Criterios de avaliación2
2. Procedementos e instrumentos de avaliación.....4
3. Criterios de cualificación.....5
4. Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva 6

AVALIACIÓN DE VALORES ÉTICOS en 1º ESO

1. Criterios de avaliación

Bloque 1. A dignidade da persoa

B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.

B1.2. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta.

B1.3. Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal.

B1.4. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar "como quere ser", elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.

B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.

B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais.

B1.7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.

Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

B2.1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos.

B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais.

B2.3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.

B2.4. Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional sinaladas por Goleman, en relación coa vida interpersoal, e establecer o seu vínculo cos valores éticos que enriquecen as relacións humanas.

B2.5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora.

B2.6. Xustificar a importancia dos valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.

Bloque 3. A reflexión ética

B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de forma racional a conduta do ser humano á súa plena realización.

B3.2. Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas.

B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.

B3.4. Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, coa finalidade de comprender a súa natureza e a súa importancia.

B3.5. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.

B3.6. Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que proporcionan á persoa e á comunidade.

Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos

B5.1. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos.

B5.2. Estimar a importancia do problema actual do exercicio dos dereitos da muller e da infancia en grande parte do mundo, coñecendo as súas causas e tomando conciencia deles, coa finalidade de promover a súa solución.

B5.3. Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando as persoas que por natureza os posúen, pero non teñen a oportunidade de exercelos.

2. Procedementos e instrumentos de avaliación

As competencias e obxectivos da materia serán concrecións de varias das seguintes estratexias:

- Cuestionario **inicial**: conxunto de preguntas coas que se pretende ir introducándose nun tema. Incídese máis na implicación do alumno que na avaliación de contidos.
- Tratarase, na maior parte dos casos, de interrogantes que pretende facelos reflexionar acerca das súas propias ideas, actitudes e comportamentos. A forma de proceder co cuestionario será diversa segundo as preguntas de que se trate. Unha vez que se teñan respondido as cuestións realizarase unha visión sintética de todas elas.
- **Actividades de vocabulario** como a construción de frases nas que aparezan os termos estudados, completar frases cos termos apropiados, substitución de termos inadecuados por outros máis adecuados, listas de sinónimos e antónimos, elaboracións de familias de palabras ou o emprego do dicionario.
- **Elaboración de traballos** (busca de materiais, discusión, crítica, redacción de conclusións, etc.) sobre algúns dos puntos temáticos recollidos na presente programación para elaborar en equipos pequenos e expoñer en clase.
- **Recompilación de noticias** da prensa diaria, material gráfico, información procedente de fontes diversas sobre algúns dos aspectos tratados na clase.

- **Traballo con textos:** poñer un título ó texto, indicar cal é o problema que trata, como expón e argumenta as tese defendidas e unha reflexión persoal sobre a cuestión abordada.
- **Resolución de casos prácticos** ou **dilemas morais** (xeralmente baixo a forma de relato no que se presenta unha situación de conflito que inclúa varios temas morais de consideración e que venere diferenzas de opinión).
- **Resolución de fichas** sobre algúns dos principais problemas e proxectos éticos do noso tempo: sociedade multicultural, pobreza, problemas medioambientais
- etc.
- **Debates** dirixidos e animados polo profesor sobre os diversas cuestións recollidas no temario.

Teremos en conta os seguintes aspectos:

1. Actividades e exercicios realizados e corrixidos na aula clase.
2. Probas escritas. Na cualificación das probas escritas valoraranse positivamente os seguintes conceptos:

- Adecuación pregunta-resposta
- Corrección formal e ortográfica
- Capacidade de síntese
- Capacidade de definición
- Capacidade de argumentación e razoamento.

3. Observación directa: colaboración no traballo da aula, cooperación cos compañeiros, disposición cara o traballo, atención en clase, presentación no tempo e forma dos traballos e exercicios, exposicións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, e actitude ante a aprendizaxe.

3. Criterios de cualificación.

Se ben todas as actividades desenvolvidas na aula son avaliadas, a cualificación final das distintas avaliacións obterase da seguinte maneira:

- Probas escritas sobre os contidos conceptuais dos temas: 50% da cualificación global.

- Correcta realización das actividades programadas e recollidas no caderno con orde, boa presentación e constancia: 20% da cualificación global;
- Exposición dos traballos con seriedade e responsabilidade nas argumentacións: 20% da cualificación global;
- Actitude positiva na aula, participación, seriedade, criterio...:10% da cualificación global;
- Considerase superada e aprobada a materia cunha nota igual ou superior ao 5 na terceira avaliación. De non ser así, o alumno ten dereito a unha proba final para recuperar aquelas avaliacións pendentes.

4. Mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva

Coa fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade, deberán facerse públicos os criterios xerais que se aplicaran para a avaliación das aprendizaxes, promoción e titulación.

Informarase ao comezo do período lectivo sobre os contidos mínimos esixibles para a superación das diferentes materias del dependentes, os procedementos de recuperación e de apoio previstos, e os criterios de avaliación e procedementos de calificación aplicables.

A continuación, e para cada unha das unidades deste curso, indícanse os contidos mínimos esixibles que o alumnado deberá ter adquirido para superar a materia de Valores Éticos no Segundo Curso da ESO:

Unidade 1. En busca da miña identidade

- As características da etapa da adolescencia e os cambios que se producen durante este período.
- As influencias sociais durante a adolescencia.
- A formación da personalidade e o carácter na adolescencia.

- A comprensión do concepto de virtude e do hábito en Aristóteles.
- A definición da intelixencia emocional e a comprensión da importancia das habilidades emocionais e sociais.

Unidade 2. Crecer como persoas

- As características do proceso de socialización e os distintos axentes de socialización.
- A necesidade do respecto á dignidade humana e a análise crítica das actitudes que atentan contra dita dignidade.
- – A comprensión do concepto de asertividade e a práctica de condutas asertivas.
- A importancia da escoita activa e a práctica das habilidades sociais para mellorar as relacións cos demais.

Unidade 3. Da moral á ética

- As diferenzas entre a conduta dos animais e a conduta do ser humano: a liberdade e a responsabilidade.
- ☒Diferenciación entre normas morais e normas legais.
- O desenvolvemento da conciencia moral segundo a teoría de Piaget e segundo a teoría de Kohlberg.
- A orixe da moral segundo o relativismo moral e o obxectivismo moral.
- As características da teoría ética de Aristóteles.

Unidade 4. A democracia como estilo de vida

- O Estado de dereito, baseado no imperio da lei, a división do poder e a protección dos dereitos.
- A división de poderes de Montesquieu.
- A importancia da participación na democracia e distintas formas de participación.
- Os riscos da democracia: a ditadura da maioría, a demagogia e o desinterese polos

asuntos públicos.

- Identificación dos dereitos constitucionais e a súa clasificación.

Unidade 5. Os dereitos humanos

- As características dos dereitos humanos.
- A orixe dos dereitos humanos segundo distintas teorías: o convencionalismo, o relativismo e o iusnaturalismo.
- A dobre clasificación dos dereitos humanos.
- Os dereitos das mulleres e as violacións dos dereitos humanos que sofren as mulleres por razón de sexo.
- Toma de conciencia das vulneracións que existen en todo o mundo dos dereitos dos nenos.

Unidade 6. Os retos da ciencia

- A comprensión da investigación científica e tecnolóxica como un medio para mellorar a vida das persoas.
- A necesidade de establecer límites éticos e xurídicos na investigación científica e técnica.
- A figura dos comités de ética para debater sobre os dilemas morais no campo da medicina.
- Reflexión sobre os principais retos morais da medicina e a biomedicina: a reprodución asistida, a investigación con células nai, a clonación e a euxenesia.